

EXEMPLO DE COMENTARIO DE ARQUITECTURA GÓTICA

INTERIOR DA CATEDRAL DE LEÓN



IDENTIFICACIÓN	<i>A obra que imos a analizar é a Catedral da cidade de León, construída ao longo do s. XIII e rematada xa no XIV. Aínda que non está moi claro, atribúese a súa construción ao mestre Enrique, quen tamén traballou na Catedral de Burgos. Este edificio é un claro exemplo de arquitectura gótica.</i>
ANÁLISE DA OBRA	<i>A imaxe que vemos correspóndese co interior do edificio, o que nos permite visualizar as naves transversais e lonxitudinais de tres naves e planta de cruz latina. Na imaxe vemos tamén outros elementos construtivos propios da arquitectura gótica como os arcos apuntados, as bóvedas de crucería, as arcadas e o triforio, así como os nervios, as columnas e os piares. O estilo gótico caracterizouse pola súa altura e verticalidade, así como pola luz e a cor que crean as múltiples vidreiras e os rosetóns que, no caso da Catedral de León, son das máis espectaculares do mundo.</i>
CONCLUSIÓN	<i>A Catedral de León é un dos mellores exemplos da arquitectura gótica no que podemos observar as novas técnicas que se introduciron con respecto ao románico. Edifícios máis altos e luminosos, unha mensaxe máis amable do cristianismo son algunhas das novidades máis importantes desta época. O gótico é un estilo propio da Baixa Idade Media, cando se produce o rexurdimento urbano e as catedrais eran o mellor expoñente do crecemento e a riqueza das cidades. Esta catedral é un exemplo máis dos múltiples edificios que foron construídos nos diferentes reinos cristiáns do norte da Península durante esta época.</i>

NOTA: Este comentario é bastante completo. Tratade de facer algo parecido na medida do posible.